

## XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 9 DE XUÑO DE 2017

### Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 31 de marzo de 2017.
2. Aprobar o documento de alegacións e plan de accións de mellora ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación do Grao en Dereito.
3. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
  - a) A aprobación do temario para o exame de Grao da Licenciatura en Dereito.
  - b) A aprobación do tribunal avaliador das Teses de Licenciatura.
  - c) A aprobación do temario da proba de conxunto para a homologación de títulos estranxeiros para o curso académico 2017-2018.
  - d) A aprobación da actualización dos documentos de calidade nos que figuraba o Mestrado universitario en Información Técnica do Medicamento, como o Plan Operativo de Información Pública, o Plan de Promoción das Titulacións e o Plan de Acción Titorial.
  - e) A aprobación dos informes do Plan de Acción Titorial e dos informes de coordinación das titulacións do Grao e do Mestrado universitario en avogacía correspondentes ao curso académico 2016-2017.

Ourense, 9 de xuño de 2017

Decanato  
Facultade de Dereito  
Universidade de Vigo

Concepción Martínez Martínez  
Secretaría da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 9 de xuño de 2017, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios e na web da Facultade o día 12 de xuño de 2017.

Concepción Martínez Martínez  
Secretaría da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.